


## **XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Colexio de Educación Infantil e Primaria “P. Barrié de la Maza”  
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Rúa Miguel Pereiro Tacón s/n Quintán-Mondego 15168 SADA -A CORUÑA-  
☎ 881960090 Fax: 981 622573 Correo electrónico:ceip.barrie.maza.sada@edu.xunta.es

# **Proxecto** **Lingüístico** **do centro** **2019 - 2022**



## ÍNDICE

<b>1.-INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>2.- MARCO LEGAL.....</b>	<b>3</b>
<b>3.- O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....</b>	<b>3</b>
<b>4.- OBXECTIVOS.....</b>	<b>5</b>
<b>5.- MEDIDAS A ADOPTAR E ACTIVIDADES.....</b>	<b>6</b>
<b>6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....</b>	<b>8</b>
<b>7.- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS DISTINTAS ÁREAS.....</b>	<b>9</b>
<b>8.- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.....</b>	<b>10</b>
<b>9.- MEDIDAS A TOMAR CANDO NON SE DOMINE A LINGUA GALEGA NAS ÁREAS IMPARTIDAS NESTA LINGUA.....</b>	<b>10</b>
<b>10.- SEGUIMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....</b>	<b>11</b>

## **1.- INTRODUCCIÓN**

O Estatuto de Autonomía de Galicia define o galego, no seu artigo 5, como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.

No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinalase que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Así, no CEIP Pedro Barrié de la Maza, entendemos que o fomento do uso do galego no noso alumnado é un obxectivo primordial do proceso educativo que levamos a cabo no noso centro.

Para regular dita labor, elaboramos este Proxecto Lingüístico que desenvolveremos dende este curso 2018/19 ata o 2021/22. Este traballo foi elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e está baseado no Decreto 79/2010, do 20 de maio.

## **2.- MARCO LEGAL**

- A. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- B. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- C. Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

## **3.- O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO**

### **❖ Localización do centro**

O noso centro dista uns 2 km do núcleo urbano de Sada e atópase nun lugar privilexiado con zonas verdes, gran masa arbórea e importantes áreas de esparcemento que permiten unha importante interacción co medio natural.

### **❖ A situación sociolingüística**

Desde o punto de vista lingüístico pódese afirmar que a maioría da comunidade educativa utiliza indistintamente as dúas linguas cooficiais, aínda que a lingua castelá aventaxa á galega como lingua vehicular, feito que se confirma nos últimos anos por acoller moito alumnado procedente dos países estranxeiros.

#### **• Alumnado**

O alumnado procedente do estranxeiro adáptase progresivamente e sen grandes problemas ao noso centro, grazas aos primeiros momentos de acollida por parte do Equipo de Orientación e o profesorado titor.

Este alumnado soe mostrar unha actitude positiva fronte á lingua galega, sen rexeitamentos, e a súa inmersión lingüística resulta moi gratificante para eles e os seus novos compañeiros e compañeiras.

Unha maioría do alumnado sudamericano comprende o galego a pesares de non utilizalo como lingua vehicular no seu entorno familiar nin cos compañeiros de xeito espontáneo.

Segundo datos recabados polos titores e titoras do centro, o alumnado, en xeral, posúe un vocabulario bastante básico en lingua galega, aínda que se observa unha importante evolución grazas ao gran número de actividades desenvolvidas no centro dende o EDLG.

- **Profesorado**

En xeral, o profesorado do centro parte dunha situación de bilingüismo e utiliza as dúas linguas por igual para relacionarse cos demais membros da comunidade educativa.

A utilización do galego dentro das competencias curriculares adáptanse ás que se recollen na lei.

O profesorado do centro xoga un importante papel no fomento de uso do galego xa que actúa de guía para motivar ao alumnado a desenvolver nesa lingua todas as actividades programadas polo EDLG (dende a decoración de murais, carteis e debuxos ata as creacións literarias dos concursos convocados).

- **Comunidade escolar**

Pode afirmarse que a lingua predominante das familias, nun tanto por cento moi elevado é o castelán, utilizado como lingua vehicular tanto a nivel familiar, cos seus fillos, coma nas súas relacións co persoal do centro.

#### **4.- OBXECTIVOS**

- ❖ Potenciar na comunidade educativa do centro o uso da lingua galega.
- ❖ Fomentar e utilizar o galego como lingua vehicular nas relacións internas e externas do centro, tanto de carácter oficial como non oficial.
- ❖ Programar e desenvolver diferentes actividades no centro que promovan o uso da lingua galega, tanto a nivel oral coma escrito.
- ❖ Implicar aos diferentes colectivos do centro para mellorar a competencia lingüística.
- ❖ Utilizar o galego como lingua de comunicación tanto nas relacións internas coma externas do centro, de carácter oficial e non oficial.
- ❖ Sensibilizar aos membros da comunidade educativa na utilización do galego cunha actitude positiva e sen prexuízos cara o propio idioma.
- ❖ Fomentar hábitos lectores en lingua galega.
- ❖ Utilizar o galego nas actividades levadas a cabo na BIBLIOTECA e dende a web do colexio.
- ❖ Acadar unha completa competencia lingüística en galego por parte do profesorado .
- ❖ Valorar a historia e cultura propias, deseñando proxectos de coñecemento das mesmas.
- ❖ Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- ❖ Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- ❖ Promocionar as festas tradicionais galegas.
- ❖ Celebrar os días de obrigado cumprindo realizando distintas actividades que fomenten o uso da lingua galega.
- ❖ Promover as relación con axentes externos ao centro, como o Concello, o centro de día...

## **5.- MEDIDAS A ADOPTAR E ACTIVIDADES**

- ❖ Os comunicados entre os órganos de goberno e o profesorado faranse en lingua galega.
- ❖ Usarase a lingua galega nas relación e comunicación entre o centro e as diferentes administracións.
- ❖ Os membros da comunidade educativa coordinarán a docencia en lingua galega.
- ❖ Usarase a lingua galega nas comunicacións orais ou escritas dirixidas ó profesorado e ás familias.
- ❖ Realizaranse en lingua galega as actividades, festivais ou conmemoracións que o centro realiza ao longo do curso.
- ❖ Os concursos literarios, artísticos ou plásticos que se organicen no centro terán a lingua galega como soporte.
- ❖ Implicarase ao profesorado para potenciar o galego recitando, dramatizando ou poñendo en escea obras de teatro na nosa lingua.
- ❖ Usarase o galego en materias transversais coma saúde, nutrición, educación medioambiental, para que comprobem a súa funcionalidade e importancia.
- ❖ Utilizar os materiais de traballo que dende a Consellería ou a través das webs remitan ao centro.
- ❖ Aumentar os fondos audiovisuais en galego (películas, dvd, documentais...)
- ❖ Comunicar ao profesorado todos os cambios que se produzan relativos ás novas normativas do galego.
- ❖ Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- ❖ Traducir ao galego o material educativo que se precise.
- ❖ Fomentar o uso do software en galego, empregando o corrector e o traductor existentes no centro.
- ❖ Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogues...

- ❖ Realización de investigación sobre historia, lendas, romarías e patrimonio da nosa contorna.
- ❖ Continuar levando a cabo o Certame literario das Letras Galegas no noso centro, coas categorías de “carteis” en E.I. e “relato”, “poesía” e “banda deseñada” para E.P.
- ❖ Editar a revista escolar “Novas de Mondego” anualmente, divulgándoa na web do centro e conservando dous exemplares en formato papel na biblioteca do centro para a súa manipulación por parte dos alumnos.
- ❖ Promover a visita ao Centro de día de Mondego para que o noso alumnado interaccione cos maiores do concello.
- ❖ Asistencia a concertos didácticos e actividades que promocionen o uso do galego.
- ❖ Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- ❖ Realización do certame de postais de Nadal.
- ❖ Colaboración con Cáritas de Sada na recompilación de alimentos non perecedeiros realizando o Mondego Solidario anualmente.
- ❖ Celebración dos Maios, coa elaboración e exposición dos dous maios feitos con flores e fiuncho.
- ❖ Celebración anual do tradicional magosto.
- ❖ Participación anual nos Proxectos de fomento de uso do galego da Consellería.



## **6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

### **➤ HUMANOS**

- Todo o profesorado do centro
- Persoal non docente
- ANPA
- Persoal do Concello
- Centro de Día de Mondego
- Persoal de Cáritas de Sada
- Escritores/as ou ilustradores/as que nos poidan visitar
- Veciños e veciñas

### **➤ MATERIAIS**

- Biblioteca escolar
- Bibliotecas de aula
- Taboleiros expositores
- Murais
- Materiais específicos para cada celebración
- Armazóns dos maios
- Grellas
- Fotocopiadora e plastificadora
- Ordenadores e encerados dixitais
- Materiais achegados polas distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística
- Material funxible

## **7.- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS DISTINTAS ÁREAS**

Tomando como referencia o decreto 79/2010 de 20 de maio de 2010 sobre o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, terase en conta o seguinte:

- En Educación Infantil aplicarase o decreto polo que establece que se utilizará a lingua materna predominante do alumnado “determinada polo centro educativo de acordo co resultado da enquisa aos pais, nais, titores, titoras ou representantes legais dos alumnos e alumnas antes do comezo do curso escolar”.

Recabando datos das familias de E.I. (3 anos) no presente curso na formalización da matrícula, unha ampla maioría das familias escolleron a *lingua castelá* para escolarizar aos seus fillos e fillas.

- En Educación Primaria, impartiranse en galego as seguintes materias:
  - Ciencias naturais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
  - Ciencias sociais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
  - Educación musical: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
  - Relixión e valores: 5º e 6º nivel.

Impartirase en lingua castelá:

- Matemáticas: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
- Educación física: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
- Plástica: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º nivel.
- Relixión e valores: 1º, 2º, 3º e 4º.

As materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua estranxeira impartiranse na lingua de referencia.

## **8.- LINGUA QUE SE DEBE EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS**

Segundo o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

## **9.- MEDIDAS A TOMAR CANDO NON SE DOMINE A LINGUA GALEGA NAS ÁREAS IMPARTIDAS NESTA LINGUA**

O primeiro paso é a detección destas dificultades lingüísticas do alumnado que, de xeito xeral, é levada a cabo polo titor. A continuación o titor ou titora avaliará o nivel lingüístico do alumno en cuestión e, en caso de ser necesario, solicitará unha avaliación psicopedagóxica por parte da Orientadora do centro. Dita avaliación está regulada na *Orden de 31 de outubro de 1996 por la que se regula la evaluación psicopedagógica de los alumnos y alumnas con necesidades educativas especiales que cursan las enseñanzas de régimen general, y se establece el procedimiento y los criterios para la realización del dictamen de escolarización.*

A partir dos resultados de dita avaliación, organizaranse os seguintes pasos a seguir: reforzo de aula polo titor, apoio de especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe...

No caso do alumnado estranxeiro, cun alto portentase de presenza no noso centro, o Decreto 79/2010 establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outra banda, a Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro,

contempla que os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición de linguas a partir dos cinco anos.

O centro encamiñará as súas actividades comúns a facilitar a inmersión lingüística deste alumnado.

#### **10.- SEGUIMIENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

O Proxecto Lingüístico do centro será renovado cada catro anos, aprobándose polo Claustro e Consello Escolar.

Cada curso escolar elaborárase unha adenda a este proxecto coa concreción para dito curso, incluíndoa na Programación Xeral de Centro.